



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
02.07.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1
DATA: 02.07.2020
HORA DE COMEZO: 12:00
HORA DE REMATE: 13:05

LISTA DE PARTICIPANTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. Daniel Couto Cancela
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. César Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Manuel González Piñeiro
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a Rosa María Sánchez Gándara
D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
D^a María Gloria Blanco Rial
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

D. José Manuel Figueroa Vila

NON PARTICIPARON

D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. Daniel Barata Quintas
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Xulio Calviño Rodríguez

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, 02 de xullo de 2020, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (19.06.2020).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.
- 4.** Distribución das bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2020/2021. Acordo que proceda.
Propostas, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 23 de xuño de 2020)
- 5.** Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2019. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Aprobación se procede.
- 6.** Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Aprobación se procede.
- 7.** Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Aprobación se procede.
- 8.** Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Aprobación se procede.
- 9.** Aprobación, se procede, de transferencias de crédito para cumprir cos obxectivos do convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019 e 2020.
- 10.** Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".
- 11.** Elección de tema para o próximo informe de auditoría operativa.
- 12.** Aprobación, se procede, da doazón polo Karolinska Institute (Suecia) á UVigo do equipo Patch Clamp (fixación de membranas).
- 13.** Outros asuntos. Remanentes, correccións orzamentarias, convenios.
- 14.** Cesión de tecnoloxía da Universidade de Vigo á empresa Coinscrap Finance, S.L.
- 15.** Solicitude de modificación do punto 2 da Normativa e recomendacións de prezos e taxas das ensinanzas propias da Universidade de Vigo.
- 16.** Rogos e preguntas.

Abre a sesión o presidente agradecendo a asistencia dos membros e explicando o adiamento do Pleno (previsto e convocado inicialmente para o 29 de xuño) para agardar a celebración previa do Consello de Goberno, aínda que esta circunstancia motive que por primeira vez o Consello Social non remita as contas anuais da UVigo antes do 30 de xuño, o que se comprende dentro das alteracións no calendario dos procedementos que veñen causando as circunstancias excepcionais que se están a producir. Agradece especialmente a presenza do director, Rodrigo Cerviño, invitado a esta sesión para informar de asuntos da súa competencia.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (19.06.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa dá lectura á súa intervención, na que salienta a dificultade de tomar decisión nun contexto de incertezas como o actual "pero o risco de quedarse quieto é infinitamente maior". Neste senso presenta o Plan de melloras e medidas extraordinarias elaborado polo equipo de goberno para facer posible a docencia no curso 2020/2021 en tres hipotéticos escenarios diferentes, que complementan as Medidas dadas a coñecer no Pleno anterior. Subliña que son documentos especialmente valiosos, "porque aínda a risco de equivocarse, decidir é obrigado, imprescindible e urxente, e non saber a que nos enfrontamos non serve de escusa". Pide neste contexto que o Consello Social acompañe ao equipo de goberno e ao reitor na toma de decisión, "para que sintan o alento da sociedade, e para que saiban que non só no acerto nos teñen ao seu lado".

Dá conta de seguido da intervención dos representantes da Conferencia dos Consellos Sociais no cumio empresarial organizado pola CEOE, na que se deixou dito que a materia pendente de España é a formación e a educación. E que a sociedade así debe entendelo; que é preciso adaptar a formación á demanda de emprego e que compre unha nova Lei de Universidades de amplo consenso.

Remata reflexionando sobre o rexistro histórico de alumnos apuntados ás probas de acceso á universidade en Galicia, moi por riba dos últimos anos, e apunta como sinais para o optimismo que a UVigo suba un 32% a facturación por I+D en 2019 por transferir coñecemento sobre todo a empresas, que capture no mesmo exercicio 17 millóns de euros de convocatorias de programas autonómicos, nacionais e europeos, e que varias titulacións aparezan en rankings solventes entre as cen mellores do mundo. O mesmo recoñecemento pide para as contas de liquidación que se presentan na orde do día, "porque manteñen a solidez e a vitalidade que ven sendo unha constante da universidade nos últimos anos".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Agradece Manuel Reigosa a intervención do presidente, e dá conta de que o Consello de Goberno fixo seu o Manifesto en apoio das universidades públicas de Galicia que subscribiron os membros do Consello Social presentes no Pleno do 27 de decembro de 2019, polo que se conclúe "nun posicionamento compartido e claro" de ámbolos dous órganos.

En resposta a unha pregunta feita por Elena Añel na sesión anterior, aclara que o Máster de Aeroespacial será dun ano e medio, e que cando se implante, todos os alumnos comezarán na UVigo e se impartirá integramente dende Ourense o primeiro ano. O segundo terán a opción de elixir unha especialidade en Coruña ou outra en Ourense. O título mencionará ás dúas universidades. E para a elaboración do programa docente acordouse a arbitrase da Universidade Politécnica de Madrid. Elena Añel agradece a información.

Informa finalmente das incidencias producidas durante a elaboración do documento presentado pola Xunta para encamiñar a docencia do próximo curso e as medidas sanitarias precisas por causa da COVID-19, o chamado Plan Doing, de transformación á docencia innovadora do SUG, que foi acollido cun forte rexeitamento e tivo que ser retirado pola administración autonómica. Manifesta que o conflito produciuse "porque non se entendeu ben o documento", e engade que actualmente estase a avanzar nun acordo de financiación específico, para as tres universidades, que cubra as medidas urxentes que se están a adoptar para que



tanto profesorado como o alumnado dispoñan dos medios suficientes para seguir as clases con normalidade en calquera escenario que se presente. Amosa a confianza nun entendemento "porque todas as axudas son imprescindibles para principiar o curso". Anuncia tamén axudas do Ministerio e da UE dentro deste mesmo ano.

Cita por último a importancia de que no ranking [Global Ranking of Academic Subjects \(GRAS\) 2020](#), elaborado por Shanghai Ranking Consultancy, responsable do prestixioso ranking [ARWU](#), a Universidade de Vigo sitúase entre as institucións académicas de referencia en 12 categorías, destacando a posición que ocupa nos ámbitos de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, entre as 75 mellores do mundo, e Oceanografía, eido no que figura entre as 100 primeiras. Vigo atópase así mesmo entre as 200 mellores universidades en Enxeñaría de Telecomunicación; entre as 300 primeiras en Xestión Turística; e entre as 500 mellores en varios ámbitos. Salienta Manuel Reigosa que adquire maior relevancia porque trátase dun ranking "de prestixio, elaborado con datos obxectivos" e que non está mediatizado. Encomia o traballo dos investigadores na consecución destes excelentes resultados.

PUNTO 4

Distribución das bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2020/2021. Acordo que proceda.

Explica o presidente a grandes liñas o proceso seguido, a distribución definitiva e a delegación exercida para remitir os datos dentro do prazo establecido polo Ministerio. Na documentación entregada constan abundantes datos ao respecto.

- ***Apróbase a distribución.***

PUNTO 5

Conta de liquidación do orzamento da UVigo correspondente ao exercicio 2019. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións. Aprobación se procede.

Introduce o presidente os puntos remitidos dende a Comisión Económica con informe favorable todos eles, e dá paso ao vicerreitor de Economía, José M^a Martín Moreno, que presenta as grandes cifras da liquidación de contas auditadas sen condicións. Tal e como expuxo na Comisión, resta importancia ao feito de que non se presenten antes do 30 de xuño, como tódolos anos, por estar xustifico pola situación excepcional. Contextualiza Martín Moreno os documentos da conta anual correspondente a 2019, a tramitación e o calendario. Resume o orzamento definitivo de ingresos en 196.594.423 € (un 7,7% máis que en 2018), e os gastos nun 5,81% máis que en 2018. Destaca a modificación orzamentaria por case 14 millóns de euros polo éxito acadado en proxectos de investigación e pola consecución de fondos alleos, e salienta o comportamento estable do apartado de incorporación de remanentes.

Subliña o resultado positivo do exercicio en 2.134.999 €, case que un millón máis que a liquidación anticipada o pasado mes de febreiro. Interpreta distintas comparativas e analiza o remanente de Tesourería afectado pola demora do pago do IBI ao Concello de Vigo e polo pago de infraestruturas científicas que se adiantaron en 2019 e se recuperarán en 2020.

Resume que a evolución reflicte estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da universidade. Explica que a execución financeira do Plan 2016-2020 amosa a boa situación da universidade e reflicte o rigor co que foron elaborados os orzamentos.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



PUNTO 6

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI). Aprobación se procede.

Intervén Rodrigo Cerviño para destacar a situación estable, o resultado positivo das contas e o informe de auditoría sen condicións.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 7

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA). Aprobación se procede.

Advirte o director de administración sobre o resultado negativo que presentan as contas, e xustifica as causas. Non considera preocupante a situación porque hai amortizacións contables suficientes, pero maniféstase a favor de ir observando a evolución e elaborar a medio prazo un plan de viabilidade para manter a estabilidade. O informe de auditoría non presenta condicións.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 8

Análise e revisión das contas anuais e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI). Aprobación se procede.

De novo Rodrigo Cerviño resume a documentación para notificar que a auditoría non presenta condicións e que o resultado mellora o do anterior exercicio e acadou un reequilibrio. Tal e como avisou ante a Comisión haberá medidas para corrixir algúns desfases de alugueres e para reorientar a actividade.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, de transferencias de crédito para cumprir cos obxectivos do convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019 e 2020.

Razona a transferencia o director de administración, negociada para soportar parte dos gastos asociados ás necesidades provocadas pola COVID-19.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 10

Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Estrutura, funcionamento e xustificación de proxectos internacionais de cooperación e de investigación, con financiamento europeo, noutras universidades españolas".

Rodrigo Cerviño remite ao debate que se mantivo na reunión da Comisión Económica sobre este asunto, reiterando que a conclusión do informe é útil porque revela que estas estruturas son moi novidosas no sistema universitario español, e deixa claro que non hai parámetros que permitan homologar ou comparar procedementos, recursos ou metodoloxías porque non hai datos. Engade que revela que a UVigo vai por diante no desenvolvemento desta estrutura. Xan Cebro pide que se aclare o novo camiño da UVigo na xestión da investigación e que se reflecta nunha RPT axeitada; avoga ademais por crear un servizo de xustificación dos proxectos de investigación, porque é onde se están a dar os problemas.

- ***O Pleno dá a súa conformidade.***



PUNTO 11

Elección de tema para o próximo informe de auditoría operativa.

A iniciativa do presidente da Comisión, coa aceptación dos membros, elévase a proposta de encargar unha auditoría operativa para buscar sistemas que axuden a ampliar a supervivencia das EBT e acompañalas para a súa permanencia. A proposta dos representantes universitarios o enunciado do traballo solicitado sería "Análise da relación entre as spin off e a universidade, para buscar ferramentas que melloren a posición das spin off no mercado a medio prazo".

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 12

Aprobación, se procede, da doazón polo Karolinska Institute (Suecia) á UVigo do equipo Patch Clamp (fixación de membranas).

O director de administración describe as principais liñas da doazón, que chega á UVigo sen outro custe que o de transporte dos equipos.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 13

Outros asuntos. Remanentes, correccións orzamentarias, convenios.

Describe Rodrigo Cerviño as motivacións para a incorporación dos distintos remanentes, entre eles a incorporación ao Fondo de continxencia de 100.000 € por se fose preciso executar gastos de prevención para a apertura escolar 2020/2021. Tamén dá conta da corrección na partida asignada ao Máster en Neurociencia e que non ten incidencia nos remanentes porque o crédito está ben dotado. Informase así mesmo dos convenios da UVigo correspondentes os meses de abril e maio.

- *O Pleno dá a súa conformidade.*

PUNTO 14

Cesión de tecnoloxía da Universidade de Vigo á empresa Coinscrap Finance, S.L.

Ao abeiro da documentación remitida aos membros, as características principais do contrato, o procedemento e as contraprestacións económicas son expostas pola xerente, Raquel M^a Souto.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

PUNTO 15

Solicitude de modificación do punto 2 da Normativa e recomendacións de prezos e taxas das ensinanzas propias da Universidade de Vigo.

Documéntase este punto coa solicitude presentada pola Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria, para que os profesores dos cursos de Extensión Universitaria poidan recibir remuneración por dedicación a actividades non presenciais. En atención ao contexto sanitario e á necesidade de establecer canais telemáticos para a actividade formativa, o presidente propón a modificación do punto 2.c) da Normativa e recomendacións do Consello Social sobre prezos e taxas das ensinanzas propias, e a substitución da actual redacción polo enunciado que se propón.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*



PUNTO 16

Rogos e preguntas.

Juan M. Vieites agradece a información económica aportada durante o Pleno e valora o comportamento estable que reflicten as contas anuais, se ben ve convinte un plan que equilibre ingresos e gastos, e que situacións como as que presentan CUSA ou CITEXVI teñan un seguimento máis profundo porque os datos non son positivos.

Rodrigo Cerviño agradece as aportacións e matiza que o orzamento desequilibrouse polo pago do IBI ao Concello de Vigo e polo adianto dos pagos por infraestruturas científicas, que son cuestión puntuais que se terán en conta para o próximo orzamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:05 horas do 2 de xullo de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias